



BOP

SÁBADO, 15 DE SETEMBRO DE 2018 N.º 213

DEPUTACIÓN DE LUGO

boletin@deputacionlugo.org
www.deputacionlugo.gal

Dep. Legal: LU-1-1968

Administración: San Marcos, 8 - 27001 Lugo
Tel.: 982 260 124/25/26 - Fax: 982 260 205

XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO. AUGAS DE GALICIA.
SERVIZO TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

DISA PENINSULA, SLU solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.60261.

As obras solicitadas consisten na execución dunha estación de servizos de carburantes no predio con referencia catastral 27005A043002140000UB na zona de policía dun rego innominado, no lugar da Cruz do Lobo, na parroquia de San Cosme de Barreiros, no concello de Barreiros (Lugo).

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Barreiros ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 04 de setembro de 2018.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 2572

Anuncio

INFORMACIÓN PÚBLICA

Juan Carlos Fernández López solicita de Augas de Galicia a autorización de obras en zona de policía. O presente anuncio ten por obxecto abrir a regulamentaria información pública que prescribe o art. 52 do Regulamento do dominio público hidráulico. Expediente: DH.W27.60049.

As obras solicitadas consisten na rehabilitación dun muíño mediante o tratamento da fachada, a substitución da cuberta e a colocación da porta, na finca con referencia catastral 27038A02200122, no lugar de Bravos, na parroquia de Bravos, no concello de Oural.

O que se fai público para xeral coñecemento, por un prazo de **vinte (20) días** a partir do seguinte á data de publicación no Boletín Oficial da Provincia, co fin de que os que se sintan prexudicados poidan presentar as súas reclamacións, durante o prazo sinalado, no Concello de Oural ou nas oficinas deste servizo, situadas na Ronda da Muralla, 70, 2º, onde estará exposto o expediente de que se trata, para que poida ser examinado por quen o desexe.

Lugo, 04 de setembro de 2018.- A xefa do servizo territorial, Rocío Carreira Carral.

R. 2573

XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA.
DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

Anuncio

En cumprimento do disposto no artigo 13 do Real decreto 416/2015, do 29 de maio, sobre depósito de estatutos das organizacións sindicais e empresariais, e ós efectos previstos no mesmo, faise público que o día 08/08/2018 foron depositados os estatutos da organización empresarial denominada "FEDERACIÓN DE ASOCIACIONES EMPRESARIALES DEL SECTOR DEL METAL DE LA PROVINCIA DE LUGO", con domicilio en Lugo na praza de Santo

domingo, 6-8, 2ª, que desenvolverá a súa actividade nos ámbitos que a seguir se citan, sendo os seus asinantes os que asemade se sinalan:

Ámbito territorial: provincia de Lugo.

Ámbito profesional: asociacións empresariais do sector do metal.

Asinantes: Luis Abelleira Mayor, Antonio Flores Ferreiro, Jose Lopez Lopez, e outros.

Lugo, 03 de setembro de 2018.- A xefa territorial, Pilar Fernández López.

R. 2574

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

Anuncio

INFORMACION PUBLICA

Polo órgano competente desta Deputación foron tomados en consideración os proxectos das obras:

.- ABADÍN.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-0107 "ABADÍN (N-634)-FANOI", PK 0+000 - 2+260 E LU-P-0110 "FOXAS (N-634)-ALDIXE", PK 0+000 - 0+817 (EX001OB-PERF 17/19-AB)

.- FOLGOSO DO COUREL.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-1301, RAMAL 2, "SEOANE DO COUREL (LU-651) - HOSPITAL (LU-633) E RAMAIS A PIÑEIRA E LOUSADA- VILELA", PK 1+480 AL 2+580, LU-P-1303 "SEOANE (LU-P-1301) - VISUÑA - FERRAMULIN (LU-P-5004)", PK 14+000 AL 15+600, LU-P-1306 "MEGOXE (LU-651) - SECEDA - FERREIRA DO INCIO (LU-642)", PK 2+900 AL 3+900, LU-P-4501 "POIO (LU-633) - LOUZARELA - LU-P-5601 E ACCESO A MEIRAOS", PK 6+800 AL 7+800 Y LU-P-5601 "SAMOS (LU-633) - COUREL (LU-P-1301) E RAMAL A SANTA MARIÑA", PK 34+000 AL 36+020 (EX013OB-PERF 17/19-AB).

.- BALEIRA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-4604 "CARAÑO (LU-760) - A BRAÑA (LU-750)", PK 6+000 AL 7+210, LU-P-5401 "BOEL (LU-P-4606)-MARTÍN-A MUIÑA (LU-750)", PK7+416 AL PK10+916 Y LU-P-0406 "MARTÍN (LU-P-5401)-CRENDE (LU-P-4606)", PK 2+760 AL 3+047 (EX004OB-PERF 17/19-AB).

.- MURAS.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-3401 "AGUIAS (LU-540A)-MURAS E RAMAL A IGREXA DO BURGO" PK 0+045 AL 1+040, PK 0+087 AL 0+530(RAMAL), LU-P-3404 "CASATEITA (LU-P-3403)-ESCOLA DE PAIO" PK 0+000 AL 1+962, LU-P-3406 "PICHEIRA(LU-540)-IRIXOA-BALSA(LU-P-6502)PK 0+045 AL 2+645 Y LU-P-6502"VILALBA(LU-118)-A BALSA-CHAVIN(LU-161)PK24+309 AL PK26+725, PK27+150 AL 32+000. (EX034OB-PERF 17/19-AB)

.- SOBER.- ACONDICIONAMIENTO LU-P-5903 "SOBER-DOADE (LU-903)", PK 2+350 AL 2+750 Y 10+720 AL 12+000 Y LU-P-3201 "MONFORTE-SOBER", PK 3+320 AL 4+100 Y 5+700 AL 6+500 (EX059OB-PERF 17/19-AB)

.- PORTOMARÍN.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-4906 "PORTOMARÍN-SEIXÓN", PK 0+000 AL 2+100 Y LU-P-4910 "O SUTO (LU-633)-CLUBE NAÚTICO", PK 0+090 AL 0+530 (EX049OB-PERF 17/19-AB)

.- XERMADE.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-2201 "CANDAMIL (LU-861) - XERMADE- PEDRÓN (LU-P-6513)", PK 0+000 - 2+285, LU-P-2202 "PEDREIRA (LU-861)-CASANOVA (LU-540A)", PK 0+030 - 1+920 E LU-P-2206 "ROUPAR (LU-540A)-LOUSADA-VILAPEDRE (LU-P-6503)", PK 1+900 - 5+255 (EX022OB-PERF 17/19-AB)

.- SAMOS.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-5601 "SAMOS (LU-633)-COUREL (LU-P-1301) E RAMAL A STA MARIÑA", PK 7+830 AL 10+000 Y LU-P-5603 "AIRA PADRÓN (LU-P-5601)-PONTE LOUZARA-PRADUCELO (LU-P-5601)", PK 0+000 AL 2+800 (EX 056OIB-PERF 17/19-AB)

En cumprimento do que se dispón no art. 93 do T.R.R.L aprobado por R.D.L. 781/86, ábrese un período de información pública para os efectos de alegacións, reclamacións ou suxestións por parte de persoas ou entidades lexitimadas, por espazo de 15 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación deste edicto.

Palacio Provincial de Lugo a 7 setembro de 2018.- O PRESIDENTE, Darío Campos Conde. P.D. Decreto nº 0402/2017 de data 24-02-2017.- O Deputado Provincial, Pablo Rivera Capón.- O SECRETARIO, Cristobal Víctor Fraga Bermejo.

R. 2575

CONCELLOS**BALEIRA***Anuncio*

Habendo quedado definitivamente aprobado o expediente de modificación de créditos (crédito extraordinario), financiado con cargo ó remanente de tesourería do exercicio anterior, dentro do vixente orzamento municipal, segundo acordo plenario do 07 de xuño de 2018, por importe de 32.400,00 euros. De acordo co preceptuado e en cumprimento do disposto no artigo 177 en relación co 169 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, faise público que, despois de dito expediente, o resumo por capítulos do estado de ingresos e gastos do referido orzamento queda da seguinte forma:

ESTADO DE GASTOS:

Capítulo I. Gastos de persoal	679.009,18
Capítulo II. Gastos en bens corrientes e servizos	447.569,32
Capítulo III. Gastos financeiros	5.500,00
Capítulo IV. Transferencias correntes	43.343,81
Capítulo VI. Inversións reais	836.653,43
TOTAL	2.012.075,74

ESTADO DE INGRESOS

Capítulo I. Impostos directos	267.013,91
Capítulo II. Impostos indirectos	35.000,00
Capítulo III. Taxas e outros ingresos	151.118,41
Capítulo IV. Transferencias correntes	854.851,60
Capítulo V. Ingresos patrimoniais	100,00
Capítulo VI. Enaxenación de inversión reais	0,00
Capítulo VII. Transferencias de capital	537.912,04
Capítulo VIII. Activos financeiros	166.079,78
TOTAL	2.012.075,74

O que se fai público para xeral coñecemento e efectos.

Baleira, 10 de setembro de 2018.- O Alcalde en funcións, Resolución do 30/08/2018, Alberto Nuñez Fernández.

R. 2576

FOLGOSO DO COUREL*Anuncio*

Aprobado polo Pleno desta Corporación, en sesión de 31 de agosto de 2018 o expediente de modificación de créditos nº 330/2018 MC13/2018 SC1, baixo a modalidade de suplemento de crédito dentro do vixente orzamento municipal, por importe de 10.108,40 euros financiado con remanente de tesourería para gastos xerais e dando cumprimento ao establecido nos artigos 169 e 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, Real Decreto Legislativo 2/2004, exponse ao público, polo prazo de quince días hábiles, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo, que empezará a contar desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

Folgoso do Courel, 10 de setembro de 2018.- A Alcaldesa-Presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 2577

Anuncio

Aprobada inicialmente polo Pleno do Concello en sesión ordinaria de data 31 de agosto de 2018 a modificación da base 12ª das bases de execución do orzamento, no referente ás subvencións nominativas, de conformidade co disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004, e no artigo 20 do Real Decreto 500/1990, expónse ao público polo prazo de 15 días hábiles -que empezará a contarse dende o día seguinte ó da publicación do presente anuncio no BOP- co fin de que durante o mesmo poidan formularse as reclamacións que se consideren pertinentes.

A referida modificación considerarase definitivamente aprobada se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Folgo do Courel, 10 de setembro de 2018.- A Alcaldesa-Presidenta, Dolores Castro Ochoa

R. 2578

NEGUEIRA DE MUÑIZ

Anuncio

O Pleno da Corporación en sesión celebrada o día 6 de setembro de 2018, acordou a aprobación inicial do expediente n.º 11/2018 de modificación de créditos, na modalidade de suplemento de crédito e crédito extraordinario con cargo ao remanente de tesourería e para a aplicación do superávit orzamentario,

O expediente expónse ao público polo prazo de quince días, na Secretaría deste Concello, a fin de que durante o mesmo que empezará a contarse desde o día seguinte ao da inserción do presente edicto no Boletín Oficial da Provincia, podan formularse as reclamacións e suxestións que se estimen oportunas, as que deberán ser dirixidas ó Sr. Alcalde- Presidente deste Concello.

De conformidade co acordo adoptado, o expediente considerarase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non se presentan alegacións.

Negueira de Muñiz, 6 de setembro de 2018.- O Alcalde, José Manuel Braña Pereda.

R. 2580

A PONTENOVA

Anuncio

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial do Concello da Pontenova (Lugo), adoptado en sesión ordinaria do 26 de xullo do 2018, relativo ó expediente de modificación de créditos (Transferencia de Créditos entre aplicacións orzamentarias de distinta área de gasto) 290/2018, que se fai público resumido por capítulos:

Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
342	22799	Traballos realizados por outras empresas	16.574,77 €	2.457,00 €	19.031,77 €
		TOTAL	16.574,77 €	2.457,00 €	19.031,77 €

Baixas ou Anulacións en Concepto de Ingresos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Baixas ou anulacións	Créditos finais
Progr.	Económica				
155	63104	Mellora da Rede Viaria en Vilameá - Aportación Municipal	8.472,42 €	2.457,00 €	6.015,42 €
		TOTAL INGRESOS	8.472,42 €	2.457,00 €	6.015,42 €

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto e consonte o establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición do recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Na Pontenova, a 12 de setembro do 2018. O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 2602

Anuncio

En cumprimento do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, xa que non se presentaron alegacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o acordo plenario de aprobación inicial do Concello da Pontenova (Lugo), adoptado en sesión ordinaria do 26 de xullo do 2018, relativo ó expediente de modificación de créditos (Transferencia de Créditos entre aplicacións orzamentarias de distinta área de gasto) 289/2018, que se fai público resumido por capítulos:

Altas en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Modificacións de crédito	Créditos finais
Progr.	Económica				
920	13000	Persoal laboral fixo	16.165,66 €	21.988,36 €	38.154,02 €
920	16000	Seguridade Social	27.290,76 €	6.784,49 €	34.075,25 €
		TOTAL	43.456,42 €	28.772,85 €	72.229,27 €

Baixas en Aplicacións de Gastos

Aplicación		Descrición	Créditos iniciais	Baixas ou anulacións	Créditos finais
Progr.	Económica				
155	62102	Expropiacións varias	25.257,07 €	25.257,07 €	0,00 €
155	63104	Mellora Rede Viaria en Vilameá	8.472,42 €	3.515,78 €	4.956,64 €
		TOTAL INGRESOS	33.729,49 €	28.772,85 €	4.956,64 €

Contra este acordo, segundo o disposto no artigo 113 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, os interesados poderán interpor directamente un recurso contencioso-administrativo, na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 43 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición.

Sen prexuízo disto e consonte o establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición do recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Na Pontenova, a 12 de setembro do 2018. O Alcalde, Darío Campos Conde.

R. 2603